



O trazado desenvólvese ao longo dos últimos 8 km do río, desde a ponte da avenida de Madrid (Sárdoma) até a súa desembocadura, e aproveita os diferentes tramos de camiños que compoñen a senda fluvial do Lagares.

Ao longo desta ruta están distribuídos oito paneis informativos noutros tantos puntos de interese, que recollen as especies de aves máis comúns e características de cada lugar, así como aspectos da observación de aves (técnicas, épocas, obxectivos) da vida do río (fauna, flora, ecosistemas) e do interese da súa protección. Adicionalmente, non accesible seguindo o curso do río, sitúase outro panel informativo no contorno do mercado de Cabral, no treito superior do Lagares. Existen sinais indicativos no inicio e final da senda, así como nos principais puntos de acceso.

A senda, na súa maior parte peonil, permite percorrer nun pracenteiro paseo o tramo final do río, visitando os espazos de maior valor natural do seu contorno: a área rural de Sárdoma, os rápidos da Raposeira, o parque de Castrelos, os humidais de Goberna, a marisma do Lagares e os seus afluentes Eifonso, Barxa e da Rega.



OBSERVANDO AVES POLO LAGARES

senda ornitolóxica desde o rural ao mar



Sabes...


...cantas especies diferentes de aves se poden observar ao longo do río Lagares?

...por que os machos e femias de lavanco teñen plumaxes tan diferentes?

...onde pasan o inverno as rolas que crían nos nosos campos?

...que paxaros só visitan o Lagares durante o inverno?

...por que tantas aves dependen da conservación dos ríos?



Descobre as respostas e moitas máis na senda ornitolóxica do río Lagares!




Observar aves é unha forma de coñecer a natureza que nos rodea e de valorar a súa riqueza e diversidade. E tamén unha afección económica, accesible e apta para todas as idades, que podemos practicar na costa, na montaña, na cidade ou na aldea.

Desde o simple feito de gozar da súa beleza até poder darlle nome ao paxaro que estamos a ver, a observación das aves permítenos descubrir os seus costumes e formas de vida, cómo se relacionan entre elas e co contorno e os problemas de conservación que afrontan.

O Lagares é o principal río de Vigo. Desde o seu nacemento, nos altos de Peinador, até a súa desembocadura xunto á praia de Samil, percorre case todo o concello, nunha travesía de carácter urbano e industrial na que tamén se achega a bosques, parques, zonas húmidas, campos e marismas. Pasear polas súas beiras ofrécenos unha variada visión da natureza máis próxima a nós.

A senda ornitolóxica polo Lagares está deseñada para coñecer as aves máis comúns do noso río e dos ecosistemas que atravesa no seu percorrido, pero tamén para achegarnos á súa historia e á súa protección.



--- senda
★ panel informativo

